

AVISO INFORMATIVO COVID-19

Desde a Xerencia da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras do Servizo Galego de Saúde comunican a existencia de un (1) caso activo de Covid-19 no concello, polo tanto controlado polas autoridades sanitarias.

Como ata agora, debemos manter o criterio de responsabilidade e prudencia no desenvolvemento de actividades e servizos, ao obxecto de manter a saúde pública de todos os veciños e veciñas do noso concello.

Non hai motivo de alarma, pero si debemos extremar a precaución e a prevención.

Recordamos a todos os veciños, a necesidade de cumprir estritamente as medidas ditadas polas autoridades sanitarias:

- Uso obrigatorio da máscara en todo momento
- Manter a distancia de seguridade
- Lavarse as mans correctamente ou utilizar xel hidroalcohólico, evitar tocarse os ollos, nariz e boca e boa hixiene respiratoria
- Ademais de limitar os contactos e cumprir as restricións en vigor

Lembrar que en caso de ter algún síntoma, contactar co 061 ou co teléfono de información para a cidadanía 900 400 116

Por último, unha vez mais, agradecer o comportamento cívico e o esforzo da veciñanza e apelar á responsabilidade persoal de todos, para a necesaria protección individual e colectiva no concello de Vilar de Santos.

Seguiremos actualizando a información que nos sexa notificada oficialmente polas autoridades sanitarias.

Documento asinado electrónicamente